



Concello de Vigo
Expte. 4860/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 6/2024

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 20 DE MARZO DE 2025

ORDE DO DÍA

- 1.- Concesión Medalla da Cidade. Expte. 20550/101. Expte. Pleno 4862/1101.
- 2.- Nomeamento de Vigueses Distinguidos. Expte. 20549/101. Expte. Pleno 4863/1101.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Alonso Suárez, Olga
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Aguiar Castro, Yolanda, concelleira do grupo municipal Socialista
Aneiros Pereira, Jaime, concelleiro do grupo municipal Socialista
Espinosa Mangana, Elena, concelleira do grupo municipal Socialista
Iglesias López, Patricia, concelleira do grupo municipal Socialista
Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista
Silva Rego, M^a Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista



Copia do documento - Concello de Vigo
4877-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:06

Páxina 1 de 20

CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos (09:10) do día vinte de marzo do ano dous mil vinte e cinco (20/03/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría a Secretaria Xeral Acctal. do Pleno, dona Pilar Saborido Diaz, por Resolución do 14.03.2025, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

O Presidente, de acordo cos voceiros, manifesta que o debate dos dous puntos será conxunto pero a votación por separado.

1.(37). CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 20550/101. EXPTE. PLENO 4862/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de marzo de 2025, a xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía emite o seguinte informe proposta,

I. LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Constitución Española de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021).
- Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981.

II. ANTECEDENTES.

Primeiro.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.

Segundo.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.



Copia do documento - Concello de Vigo
4877-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:06

Páxina 2 de 20

CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Terceiro.- No seu artigo 7, o dito Regulamento establece como distinción a Medalla da Cidade e o seu artigo 3 establece que se poderá propoñer aos candidatos/as por mor de moción da Alcaldía, dos grupos políticos, por petición popular ou por petición dun número de Concelleiros e Concelleiras igual á maioría absoluta.

Cuarto.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021), establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

Quinto.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 10 de marzo de 2025, a Concelleira da Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión das Medallas da Cidade , en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

Sexto.- Con data 17 de marzo de 2025 celebrouse Xunta de Voceiros/as co obxecto de evacuar o trámite de consulta previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, comunicándose a proposta de conceder as Medallas da Cidade.

III.- PROPOSTA

A) A proposta do presente ano de galardoados á Medallas de Ouro da Cidade de Vigo é:

- FE SEGUROS
- COOPERATIVA DE ARMADORES ARVI

B) As motivacións e méritos para outorgar as distincións Medalla de Ouro da Cidade de Vigo aos galardoados son:

- FE SEGUROS

Fe Seguros, aseguradora de decesos fundada en Vigo en 1924, vén de cumprir o seu primeiro centenario mantendo o obxectivo de ofrecer un servizo íntegro de asistencia ás familias, acompañándoas no momento difícil da perda dun ser querido.

Nestes 100 anos de historia *Fe Seguros* soubo adaptarse ás esixencias dun mercado cada vez máis competitivo, diversificando a súa actividade e conseguindo medrar ata contar con máis de 160 oficinas, que atenden a máis de medio millón de asegurados.

A mellora do servizo ás persoas aseguradas é a súa razón de ser mantendo sempre a vocación viguesa.

- COOPERATIVA DE ARMADORES ARVI

A cooperativa como así se chamaba na súa creación constituíuse formalmente o día 2 de decembro do ano 1964, co obxectivo de fomentar a mellora económica e social dos seus



Copia do documento - Concello de Vigo
4877-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:06

Páxina 3 de 20

CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

asociados mediante a acción conxunta, unificando esforzos nunha obra colectiva. Esta unión serviu para ir sorteando as dificultades que se foron xurdindo no sector.

ARVI ten un total de 166 barcos asociados que corresponden a 128 empresas armadoras distintas. Ademais de 5 asociacións pesqueiras e 3 organizacións de produtores de pesca, con personalidade xurídica e actividade separada de ARVI, comparten sede e domicilio no Porto de Vigo e todas participan no clúster do sector pesqueiro extractivo e produtor, de carácter tecnolóxico e de investigación.

ARVI e as asociacións de armadores e organizacións de produtores de Pesca lograron constituír o núcleo de entidades e de armadores de buques pesqueiros máis importantes de España e un dos máis importantes da Unión Europea, entidades de ámbito nacional e internacional, con flotas que faenan en todos os mares do mundo no seu afán de dar subministro aos principais mercados mundiais de peixe.

A Cooperativa de Armadores de Vigo leva seis décadas de traballo xerando emprego e contribuíndo coas 253 empresas que a integran a facer de Vigo o epicentro mundial da pesca, pesca sostible, responsable e innovadora.

C) Incidencia económica

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.

D) Competencia

A competencia para resolver corresponde ao Pleno da Corporación Municipal, segundo o previsto nos artigos 50.24, 189 e 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Vigo.

Polo exposto, en atención aos especiais e importantes méritos recollido na parte expositiva deste informe-proposta e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte.../...

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta de acordo que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporada á Acta.

.- **Incidencia. Ás 9,20 h., no transcurso do debate e unha vez concluída a intervención do voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font e despois da intervención do voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Igrexas, abandonan o Salón de Plenos os concelleiros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas. Continúa a sesión coa intervención do voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martin Peña.*



Copia do documento - Concello de Vigo
4877-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:06 | Páxina 4 de 20
CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

VOTACIÓN: Con dezaioito (18) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (13), señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO.- Conceder a Medalla de Ouro da Cidade de Vigo a:

- FE SEGUROS polo seu servizo de asistencia ás familias, acompañándoas no momento difícil da perda dun ser querido ao longo dos últimos 100 anos.
- COOPERATIVA DE ARMADORES ARVI pola súa contribución xunto coas 253 empresas que a integran, a facer de Vigo o epicentro mundial da pesca, pesca sostible, responsables e innovadora.

SEGUNDO.- “Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

2.(38). NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 20549/101. EXPTE. PLENO 4863/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de marzo de 2025, a xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía emite o seguinte informe proposta,

“I. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades lo caís, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plena rio de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021).
- Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 29 de setembro de 1981.

II. ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 5 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla da Cidade) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

Terceiro.- En aplicación do artigo 5.3. do Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo plenario de 29 de setembro de 1981, a Comisión de goberno do 14 de marzo de 1988 (actualmente Xunta de Goberno Local), aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido” para galardoar “á persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo, nalgúns casos, persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría.

Cuarto.- Pola súa parte, o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 24 de febreiro de 2021 (BOP PO núm. 87 de 10.05.2021), establece no seu artigo 28.4 que a Xunta de Voceiros será consultada para a “concesión de distincións que correspondan ao Pleno”.

Quinto.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 10 de marzo de 2025, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardón Viguesas/es Distinguidas/os 2025, en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

Sexto.- Con data 17 de marzo de 2025, celebrouse unha Xunta de Voceiros/as co co obxecto de evacuar o trámite de consulta aos grupos políticos con representación no Pleno, previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, realizándose a proposta que se contén no expediente de referencia.

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A) MARCO LEGAL

Primeiro.- A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 137 a organización do Estado en municipios, provincias e as comunidades autónomas que se constitúan y determina que todas estas entidades gozarán de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. No seu artigo 140 conságrase o principio de autonomía dos municipios, establecéndose que o seu goberno e administración corresponde aos respectivos concellos.

Segundo.- Neste marco legal, no ano 1985 apróbase a Lei Reguladora das bases do réxime local que establece como potestades dos entes locais a regulamentaria e a de autoorganización.

Terceiro.- O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro establece no seu artigo 189 que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

Cuarto.- Pola súa parte, o artigo 190 da citada disposición sinala que os Concellos, Deputacións Provinciais, Cabidos e Consellos Insulares poderán acordar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 6 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, cualidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruíra ao efecto.

Quinto.- O artigo 50.24 do dito regulamento determina que será atribución do Pleno da Corporación a concesión de medallas, emblemas, condecoracións e outros distintivos honoríficos e conferir títulos de fillos predilectos ou adoptivos ou de membros honorarios da Corporación.

Sexto: O artigo 191 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que “os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honores e distincións a que se refiren os dous artigos precedentes (189 e 190), determinarase en Regulamento especial”.

Sétimo.- Con data 29 de setembro de 1981 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de aprobar o Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo. No seu artigo 5, o dito Regulamento determina as clases de recompensas ou distincións que a Corporación poderá outorgar, a saber: denominación no rueiro; título honorífico (Medalla de Vigo) e “calquera outra distinción que acorde a Corporación”.

Oitavo.- Con data 24 de febreiro de 2021 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o Regulamento Orgánico do Pleno, que no seu artigo 28.4 establece como trámite preceptivo e non vinculante a consulta previa á Xunta de Voceiros para a concesión de distincións que correspondan ao Pleno.

Noveno.- Mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica 10 de marzo de 2025, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, ordena o inicio dos trámites administrativos necesarios e emisión dos preceptivos informes para elevar proposta de resolución ao Pleno da Excm. Corporación Municipal en relación coa proposta de concesión dos galardóns Viguesas/es Distinguidas/os en virtude do previsto no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, aprobado o 29 de setembro de 1981.

Décimo.- Con data 17 de marzo de 2025 celebrouse unha Xunta de Voceiros/as extraordinaria co obxecto de tratar como único punto na orde do día a concesión das distincións de Viguesas e Vigueses Distinguidos e da Medalla da Cidade, dando cumprimento así ao preceptuado no dito artigo 28.4 do Regulamento de Organización do Pleno da Corporación.

B) MOTIVACIÓNS PARA OUTORGAR AS DISTINCIÓNS DE VIGUESAS/ES DISTINGUIDAS/OS:

- EX AEQUO ÁS ENTIDADES EDUCATIVAS CON 50 ANOS OU MÁIS DE PERMANENCIA NA CIDADE.

1.- ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL VILA LAURA

O centro de Educación Infantil a pesar de contar con máis de 50 anos cheos de vivencias está coidado con esmero e a sensación é de benestar polas súas características: amplitude de espazos tanto dentro dos edificios como no xardín onde o alumnado goza nas horas de recreo, luminosidade e decoracións alegres feitas polos nenos e nenas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 7 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O profesorado está moi implicado á hora de crear un clima agradable para o alumnado que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade sen abandonar as normas que deben existir en toda comunidade educativa. A relación coas familias é fluída facilitando o proceso de aprendizaxe e a relación de todo o alumnado.

2.- CEIP PLURILINGÜE A DOBLADA

O Centro de Educación Infantil e Primaria A Doblada é un espazo multicultural, integrador e aberto que leva 50 traballando na formación integral do alumnado.

A comunidade educativa promove a tolerancia e o diálogo, defendendo unha escola aberta e pluralista, educando ao alumnado na liberdade e no respecto ás diferenzas entre os pobos e as persoas.

3.- ALENTA, ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL

ALENTA nace en Vigo no ano 2000 como entidade sen ánimo de lucro co obxectivo de prestar servizos especializados para mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral.

Con ese fin, desenvolven programas e servizos que propicien a mellora na calidade de vida, a inclusión sociolaboral e a defensa dos dereitos das persoas usuarias.

Ao longo dos seus 25 anos de historia, Alenta ten conseguido acadar logros relevantes, como a apertura no ano 2013 do Centro de día e residencia para persoas con dano cerebral adquirido. Todo grazas ao esforzo e ao compromiso de moitas persoas e familias que traballan con profesionalidade e responsabilidade.

4.- ENRIQUE GARCÍA CHILLÓN, CEO PROFAND

Enrique García Chillón é un empresario vigués, novo e emprendedor, que fundou Profand mediante a fusión da compañía asturiana Frigoríficos Fandiño e de Conxelados Mariños Promar.

Profand é hoxe unha multinacional do sector pesqueiro, dirixida por Enrique García Chillón, tanto na parte estratéxica como na parte do negocio, que abarca toda a cadea de valor desde a orixe, integrando a pesca e a acuicultura, a transformación e a distribución de peixe, cefalópodos e crustáceos. Todo baixo un modelo integrado e comprometido coa calidade, a sostibilidade e a innovación.

Na actualidade conta con 24 barcos, 13 plantas de procesado, 3 plantas de acuicultura, presenza en catro continentes e traballa con 5.000 persoas repartidas por todo o mundo.

5.- CORAL MARÍA AUXILIADORA

Esta coral nace no seo da parroquia de María Auxiliadora de Vigo no ano 1973 co obxectivo de solemnizar as misas e outras celebracións eucarístico-litúrxicas. Os seus primeiros integrantes foron pais, nais, familiares e antigos alumnos do Colexio Salesiano. O seu repertorio abrangue todo tipo de música, facendo especial fincapé na relixiosa.

Nos seus máis de 50 anos de historia ten participado en actuacións por toda a xeografía galega e en encontros tales como Romarías Corais, Mostra Galega de



Copia do documento - Concello de Vigo
4877-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:06 | Páxina 8 de 20
CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Panxoliñas, ou nos xa coñecidos Festivais de Habaneras *Ao Son de Vigo* organizados por ACOPOVI.

6.- CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

O Consello Municipal de Muller nace o 2 de decembro de 1993 como unha iniciativa pioneira en todo o Estado e co obxecto de garantir o dereito á participación na vida municipal das cidadás viguesas como colectivo social.

Nestes 31 anos de andaina o Consello constituíu un papel favorecedor do encontro das asociacións e entidades que traballan a prol das mulleres en Vigo, adquirindo un papel participativo e aglutinador das políticas a favor da igualdade de oportunidades e trato das mulleres nos distintos ámbitos de intervención municipal.

7.- ANTONIO MÍNGUEZ HERMIDA

Vigués, periodista, locutor e técnico de radiodifusión e televisión.

Dende o ano 1965 ata o 2000 desenvolveu o seu labor profesional en Radio Vigo-Cadena Ser. Foi presentador de Televigo, dirixindo os programas “El Tranvía”(do que foi creador) e “El debate”. É correspondente en Vigo de “ El Mundo deportivo” de Barcelona.

Dirixiu durante 22 anos “Las cuestiones de cada día”, programa dedicado a atender as demandas cidadás coa presenza dos concelleiros da Corporación Viguesa.

Leva desde o ano 1984 falando para Arxentina transmitindo en directo acontecementos como a chegada dos restos de Castelao a Santiago de Compostela.

8.- SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS DE VIGO E CORPO DA POLICÍA LOCAL DE VIGO QUE COLABORARON NOS LABORES DE SALVAMENTO E LIMPEZA NAS ZONAS AFECTADAS POLA DANA NA PROVINCIA DE VALENCIA.

Un continxente formado por Bombeiros e Policías desprazados a Valencia para colaborar coas tarefas de recuperación e rescate que se levaron a cabo nas zonas máis afectadas pola DANA: busca de desaparecidos, retirada de lodo, achique de auga, retirada de aparellos...

Un galardón merecido pola súa solidariedade nunhas circunstancias tremendamente dramáticas para a cidadanía valenciana.

- Os bombeiros:

F. Javier Rivero Álvarez
Ricardo Gómez Chorén
Cristian Estévez Enríquez
David Moledo Pereira
Anxo Sobrino Costoya
Daniel Pérez Lorenzo

- Os policía:

Ramón Pérez Rodríguez
Ricardo Parga Blanco
Alex Anido Lobato
Luis Castro Barciela
Manuel Freire Rodríguez
Sergio José Rodríguez Domínguez
Sergio Piñeiro Calvo
Alberto González Martínez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/05/2025 10:06

Páxina 9 de 20

4877-1101

CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

9.-NAIS DA ASOCIACIÓN ÉRGUETE

As mulleres e nais de Érguete que marcaron un antes e un despois na historia da loita contra a droga en Galicia.

No ano 1985 inician unha loita contra o narcotráfico para defender aos seus fillos, en moitos casos con problemas de adición, sinalando aos narcotraficantes e denunciando a súa actividade. Este ano cumpren 40 anos do inicio daquela loita, da que logo xorde a Fundación Érguete que segue traballando de maneira intensa na cidade.

10.- ANTONIO SEGUNDO DURÁN MOREIRAS – MORRIS

Nacido en Vigo, no ano 1959, Antonio Durán “Morris” é un recoñecido profesional da escena audiovisual, cunha longa experiencia interpretativa no teatro, no cine e na televisión. Actor e presentador en diversos programas da Televisión de Galicia desde os seus inicios a mediados dos 80, destacan os seus papeis nas series *Pratos combinados* ou *Padre Casares*. Máis recentemente, participou na serie *Fariña*, que lle valeu o Premio Feroz e o Premio da Unión de Actores en 2019 polo seu papel como Charlín.

Los lunes al Sol e *Princesas* de Fernando León de Aranoa, *Celda 211*, *Pieles*, *A Esmorga* ou *Invasor* son algúns dos filmes nos que ten traballado e polos que acadou premios como o Mestre Mateo 2015 e 2018 e o de mellor actor no Festival de cine español de Toulouse en 2015.

Fundador da compañía Artello, no ano 2024 foi candidato a mellor actor nos Premios Max das Artes Escénicas pola súa interpretación de Queipo de Llano en “1936”, obra do Centro Dramático Nacional.

11.- XESÚS ALONSO MONTERO

Xesús Alonso Montero é filólogo, historiador de literatura galega e un dos ensaístas máis importantes da Galicia das últimas décadas.

Catedrático emérito de Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela, Doutor Honoris Causa pola UNED, presidiu a Real Academia Galega entre os anos 2013 e 2017. Infatigable investigador das letras galegas, pioneiro no ámbito da sociolingüística aplicada ao caso galego, conta cunha copiosa produción científica que abrangue diferentes ámbitos.

Cómpre destacar a súa contribución como estudoso da vida e a obra de autores clásicos da literatura galega: Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Castelao, Leiras Pulpeiro, Otero Pedrayo ou Celso Emilio Ferreiro entre outros. É tamén un estudoso destacado da obra de outros creadores de ámbito hispánico como Federico García Lorca, Antonio Machado, Miguel Unamuno ou Ramón María del Valle Inclán. O seu labor sitúao como un dos intelectuais máis recoñecidos, tendo recibido diferentes premios ao longo da súa traxectoria: Ramón Otero Pedrayo, Pedrón de Ouro, Irmandade do Libro, Premio Trasalba, Premio Cultura Galega das Letras, Premio Memoria Democrática do Goberno de España ou Premio Laxeiro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 10 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

12.- MULTICINES NORTE, S.L.

Fundados en 1982 como empresa familiar, condición que aínda mantén, por quen foi presidente do Celta entre 1973 e 1976, Antonio Vázquez Gómez, os Multicines Norte naceron con dúas salas nas que os primeiros filmes que se proxectaron foron "El último metro" de Francois Truffaut y "El matrimonio de Maria Braun" de Rainer Werner Fassbinder. A calorosa aceptación do público provocou o aumento progresivo das súas salas, ata as cinco actuais. A día de hoxe son a multisala máis antiga de Galicia mantendo inalterable o seu espírito de cine de barrio.

Nestas catro décadas, milleiros de vigueses teñen acudido a este espazo de cultura especializado en cine de autor e independente para ver unha coidada selección das mellores películas, fundamentalmente en versión orixinal subtitulada. Máis tamén conta cunha ampla programación de ciclos especializados, por exemplo de cine xaponés, reposición de clásicos, matines, ou proxección de óperas e ballet en pantalla grande.

Destaca tamén a súa aposta polo cinema rodado en Galicia e en galego co que se ten convertido nun punto de referencia para o sector audiovisual do noso país. Un apoio como exhibidor destacado e comprometido co noso cine que lie valeu o recoñecemento da Academia Galega do Audiovisual ao concederlle o premio especial de honra na gala dos Mestre Mateo no ano 2018.

Un cine de barrio, herdeiro dunha longa tradición na nosa cidade, como xa, por desgraza, quedan poucos en Galicia e España e que representa a loita pola supervivencia pero tamén o orgullo de apostar pola cultura en maiúsculas. Os Multicines Norte levan 43 anos contribuíndo a facer cidade e a encher de entrañables recordos e lembranzas aos vigueses que por alí pasaron.

Por todo o exposto e nun momento, ademais, en que a nosa cidade estase a converter en escenario privilexiado para a rodaxe de longametraxes que proxectan a nosa imaxe no mundo cómpre que a cidade de Vigo e os vigueses coiden, apoiem e recoñezan aos Multicines Norte pola seu labor coa entrega do galardón Vigués Distinguido.

- IN MEMORIAM

13.- IVÁN MARTÍNEZ SANTIAGO- BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO- A TÍTULO PÓSTUMO
Iván Martínez incorporouse como voluntario ao Banco de Alimentos no ano 2013 e, deseguido, comezou a desenvolver labores administrativos na entidade. A súa implicación foi máxima desde o primeiro momento, converténdose nunha das caras máis visibles das grandes recollidas, que el coordinou. Foi vicepresidente do Banco e no ano 2021 sucedeu a Pedro Pereira como presidente, cargo que ocupou ata o seu falecemento en outubro de 2024 .

A súa obsesión foi sempre a de poñer no centro da actividade un único obxectivo: axudar máis e mellor ás persoas máis vulnerables, un labor polo que Iván Martínez sempre será recordado na cidade.

14.- MARTA PATRICIA SOUTO GONZÁLEZ- A TITULO PÓSTUMO
Marta Souto González, tristemente falecida o pasado 18 de outubro de 2024, destacou polo seu compromiso en favor da lingua galega e da promoción do deporte.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 11 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Licenciada de filoloxía galego-portuguesa pola USC, no Concello de Vigo desempeñou como responsable do Servizo de Normalización Lingüística, desenvolvendo un enorme labor en favor do galego e da súa plena normalización de usos e impulsando un grande número de accións e iniciativas en prol da nosa lingua, promovendo o seu uso social, apostando pola mellora da calidade lingüística no ámbito administrativo ou pulando pola recuperación da nosa toponimia tradicional.

A súa ligazón co deporte foi permanente, como afervorada seareira celeste, exercendo de adestradora de fútbol sala, practicando baloncesto, ciclismo, montañismo ou vela, e cunha estreita relación con diferentes clubs e entidades, entre as que destacan o RC Celta de Vigo, o Celta de Baloncesto, o Pilotes Posada, o Vigo Stick ou o Balonmán Cangas.

Foi delegada provincial da Consellaría de Cultura e Deportes e posteriormente, en 2007, asumiu a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, converténdose na primeira muller en liderar institucionalmente o deporte galego. Neste ámbito salientou o impulso decidido en favor das seleccións deportivas galegas, a promoción do deporte feminino e o apoio aos clubs de base.

15.- SERGIO SANLÉS DOMÍNGUEZ - A TÍTULO PÓSTUMO

Desde o ano 2002 Sergio Sanlés Domínguez desempeñou como parte do servizo de bombeiros da cidade de Vigo, após facer parte do cadro de persoal da Policía Local desde 1999.

Pai de dúas crianzas, o pasado 25 de maio de 2024 falecía aos 48 anos de idade en acto de servizo, mentres participaba nun operativo asegurando unha parcela na que se producira a derruba parcial dunha edificación na avenida de Beiramar. Un feito trágico sen precedentes en 130 anos de historia do servizo de bombeiros de Vigo.

A súa traxedia lémbra-nos o perigo constante ao que se enfrontan os nosos bombeiros e a importancia do seu traballo para a nosa cidade. O que fai necesario honrarmos a súa memoria e expresamos a nosa máis sincera gratitude polo seu sacrificio, procurando que o seu legado perdure como un recordo do valor e a abnegación daqueles que dedican as súas vidas a protexer as das demais. Para que o seu exemplo nos motive a seguir traballando xuntas e xuntos no camiño de construírmos unha cidade e unha sociedade máis seguras e solidarias.

A súa comprometida e xenerosa vocación de servizo público que definiu toda a súa traxectoria xunto as súas grandes cualidades humanas, que o fixeron gozar do respecto e agarimo dos seus compañeiros e compañeiras, fano merecedor da distinción de Vigués Distinguido a título póstumo en recoñecemento da labor imprescindible que en favor da seguridade de todas e todos exercen os servizos de emerxencia e, singularmente, os bombeiros da cidade que demostran decote o verdadeiro significado da xenerosidade en prol do ben común.

C) INCIDENCIA ECONÓMICA.

O presente expediente carece de proposta de gasto e de contido económico, xa que as distincións ás que se refire a presente proposta son exclusivamente honoríficas e non comportan dereito económico nin administrativo algún para os galardoados/as, razón pola que non se somete ao trámite de fiscalización previa a proposta de acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo

4877-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:06

Páxina 12 de 20

CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

IV.-PROPOSTA DE ACORDO:

Polo exposto, en atención aos especiais e importantes méritos recollido na parte expositiva deste informe-proposta e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía Presidencia contidas no artigo 124.4. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, elevase ao órgano Pleno a seguinte.../...

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta de acordo que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporada á Acta.

.- **Incidencia. Ás 9,20 h., no transcurso do debate e unha vez concluída a intervención do voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font e despois da intervención do voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Igrexas, abandonan o Salón de Plenos os concelleiros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas. Continúa a sesión coa intervención do voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña.*

VOTACIÓN: Con dezaoto (18) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (13), señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO.

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dos galardóns de “Viguesas e Vigueses Distinguidas/os”, consonte ao previsto nos artigos 50.24, 189, 190 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981, ás persoas e entidades que se conteñen na parte expositiva do informe, en atención aos especiais e importantes méritos que concorren nos candidatas e candidatos propostos seguintes:

1.- ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL VILA LAURA

O centro de Educación Infantil a pesar de contar con máis de 50 anos cheos de vivencias está coidado con esmero e a sensación é de benestar polas súas características: amplitude de espazos tanto dentro dos edificios como no xardín onde o alumnado goza nas horas de recreo, luminosidade e decoracións alegres feitas polos nenos e nenas.

O profesorado está moi implicado á hora de crear un clima agradable para o alumnado que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade sen abandonar as normas que deben existir en toda comunidade educativa. A relación coas familias é fluída facilitando o proceso de aprendizaxe e a relación de todo o alumnado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 13 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- CEIP PLURILINGÜE A DOBLADA

O Centro de Educación Infantil e Primaria A Doblada é un espazo multicultural, integrador e aberto que leva 50 traballando na formación integral do alumnado.

A comunidade educativa promove a tolerancia e o diálogo, defendendo unha escola aberta e pluralista, educando ao alumnado na liberdade e no respecto ás diferenzas entre os pobos e as persoas.

3.- ALENTA, ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL

ALENTA nace en Vigo no ano 2000 como entidade sen ánimo de lucro co obxectivo de prestar servizos especializados para mellorar a calidade de vida das persoas con dano cerebral.

Con ese fin, desenvolven programas e servizos que propicien a mellora na calidade de vida, a inclusión sociolaboral e a defensa dos dereitos das persoas usuarias.

Ao longo dos seus 25 anos de historia, Alenta ten conseguido acadar logros relevantes, como a apertura no ano 2013 do Centro de día e residencia para persoas con dano cerebral adquirido. Todo grazas ao esforzo e ao compromiso de moitas persoas e familias que traballan con profesionalidade e responsabilidade.

4.- ENRIQUE GARCÍA CHILLÓN, CEO PROFAND

Enrique García Chillón é un empresario vigués, novo e emprendedor, que fundou Profand mediante a fusión da compañía asturiana Frigoríficos Fandiño e de Conxelados Mariños Promar.

Profand é hoxe unha multinacional do sector pesqueiro, dirixida por Enrique García Chillón, tanto na parte estratéxica como na parte do negocio, que abarca toda a cadea de valor desde a orixe, integrando a pesca e a acuicultura, a transformación e a distribución de peixe, cefalópodos e crustáceos. Todo baixo un modelo integrado e comprometido coa calidade, a sostibilidade e a innovación.

Na actualidade conta con 24 barcos, 13 plantas de procesado, 3 plantas de acuicultura, presenza en catro continentes e traballa con 5.000 persoas repartidas por todo o mundo.

5.- CORAL MARÍA AUXILIADORA

Esta coral nace no seo da parroquia de María Auxiliadora de Vigo no ano 1973 co obxectivo de solemnizar as misas e outras celebracións eucarístico-litúrxicas. Os seus primeiros integrantes foron pais, nais, familiares e antigos alumnos do Colexio Salesiano. O seu repertorio abrangue todo tipo de música, facendo especial fincapé na relixiosa.

Nos seus máis de 50 anos de historia ten participado en actuacións por toda a xeografía galega e en encontros tales como Romarías Corais, Mostra Galega de Panxoliñas, ou nos xa coñecidos Festivais de Habaneras *Ao Son de Vigo* organizados por ACOPOVI.

6.- CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

O Consello Municipal de Muller nace o 2 de decembro de 1993 como unha iniciativa pioneira en todo o Estado e co obxecto de garantir o dereito á participación na vida municipal das cidadás viguesas como colectivo social.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/05/2025 10:06

Páxina 14 de 20

4877-1101

CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Nestes 31 anos de andaina o Consello constituíu un papel favorecedor do encontro das asociacións e entidades que traballan a prol das mulleres en Vigo, adquirindo un papel participativo e aglutinador das políticas a favor da igualdade de oportunidades e trato das mulleres nos distintos ámbitos de intervención municipal.

7.- ANTONIO MÍNGUEZ HERMIDA

Vigués, periodista, locutor e técnico de radiodifusión e televisión.

Dende o ano 1965 ata o 2000 desenvolveu o seu labor profesional en Radio Vigo-Cadena Ser. Foi presentador de Televigo, dirixindo os programas “El Tranvía”(do que foi creador) e “El debate”. É correspondente en Vigo de “ El Mundo deportivo” de Barcelona.

Dirixiu durante 22 anos “Las cuestiones de cada día”, programa dedicado a atender as demandas cidadás coa presenza dos concelleiros da Corporación Viguesa.

Leva desde o ano 1984 falando para Arxentina transmitindo en directo acontecementos como a chegada dos restos de Castela a Santiago de Compostela.

8.- SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS DE VIGO E CORPO DA POLICÍA LOCAL DE VIGO QUE COLABORARON NOS LABORES DE SALVAMENTO E LIMPEZA NAS ZONAS AFECTADAS POLA DANA NA PROVINCIA DE VALENCIA.

Un continxente formado por Bombeiros e Policías desprazados a Valencia para colaborar coas tarefas de recuperación e rescate que se levaron a cabo nas zonas máis afectadas pola DANA: busca de desaparecidos, retirada de lodo, achique de auga, retirada de aparellos...

Un galardón merecido pola súa solidariedade nunhas circunstancias tremendamente dramáticas para a cidadanía valenciana.

- Os bombeiros:

F. Javier Rivero Álvarez
Ricardo Gómez Chorén
Cristian Estévez Enríquez
David Moledo Pereira
Anxo Sobrino Costoya
Daniel Pérez Lorenzo

- Os policíaas:

Ramón Pérez Rodríguez
Ricardo Parga Blanco
Alex Anido Lobato
Luis Castro Barciela
Manuel Freire Rodríguez
Sergio José Rodríguez Domínguez
Sergio Piñeiro Calvo
Alberto González Martínez
Jesús Marco González Castillo
Manuel Angel Vila Sánchez

9.-NAIS DA ASOCIACIÓN ÉRGUETE

As mulleres e nais de Érguete que marcaron un antes e un despois na historia da loita contra a droga en Galicia.

No ano 1985 inician unha loita contra o narcotráfico para defender aos seus fillos, en moitos casos con problemas de adición, sinalando aos narcotraficantes e denunciando



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/05/2025 10:06

Páxina 15 de 20

4877-1101

CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

a súa actividade. Este ano cumpren 40 anos do inicio daquela loita, da que logo xorde a Fundación Érguete que segue traballando de maneira intensa na cidade.

10.- ANTONIO SEGUNDO DURÁN MOREIRAS - MORRIS

Nacido en Vigo, no ano 1959, Antonio Durán "Morris" é un recoñecido profesional da escena audiovisual, cunha longa experiencia interpretativa no teatro, no cine e na televisión. Actor e presentador en diversos programas da Televisión de Galicia desde os seus inicios a mediados dos 80, destacan os seus papeis nas series *Pratos combinados* ou *Padre Casares*. Máis recentemente, participou na serie *Fariña*, que lle valeu o Premio Feroz e o Premio da Unión de Actores en 2019 polo seu papel como Charlín.

Los lunes al Sol e *Princesas* de Fernando León de Aranoa, *Celda 211*, *Pieles*, *A Esmorga* ou *Invasor* son algúns dos filmes nos que ten traballado e polos que acadou premios como o Mestre Mateo 2015 e 2018 e o de mellor actor no Festival de cine español de Toulouse en 2015.

Fundador da compañía Artello, no ano 2024 foi candidato a mellor actor nos Premios Max das Artes Escénicas pola súa interpretación de Queipo de Llano en "1936", obra do Centro Dramático Nacional.

11.- XESÚS ALONSO MONTERO

Xesús Alonso Montero é filólogo, historiador de literatura galega e un dos ensaístas máis importantes da Galicia das últimas décadas.

Catedrático emérito de Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela, Doutor Honoris Causa pola UNED, presidiu a Real Academia Galega entre os anos 2013 e 2017. Infatigable investigador das letras galegas, pioneiro no ámbito da sociolingüística aplicada ao caso galego, conta cunha copiosa produción científica que abrangue diferentes ámbitos.

Cómpre destacar a súa contribución como estudoso da vida e a obra de autores clásicos da literatura galega: Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Castelao, Leiras Pulpeiro, Otero Pedrayo ou Celso Emilio Ferreiro entre outros. É tamén un estudoso destacado da obra de outros creadores de ámbito hispánico como Federico García Lorca, Antonio Machado, Miguel Unamuno ou Ramón María del Valle Inclán.

O seu labor sitúao como un dos intelectuais máis recoñecidos, tendo recibido diferentes premios ao longo da súa traxectoria: Ramón Otero Pedrayo, Pedrón de Ouro, Irmandade do Libro, Premio Trasalba, Premio Cultura Galega das Letras, Premio Memoria Democrática do Goberno de España ou Premio Laxeiro.

12.- MULTICINES NORTE, S.L.

Fundados en 1982 como empresa familiar, condición que aínda mantén, por quen foi presidente do Celta entre 1973 e 1976, Antonio Vázquez Gómez, os Multicines Norte naceron con dúas salas nas que os primeiros filmes que se proxectaron foron "El último metro" de Francois Truffaut y "El matrimonio de Maria Braun" de Rainer Werner Fassbinder. A calorosa aceptación do público provocou o aumento progresivo das súas salas, ata as cinco actuais. A día de hoxe son a multisala máis antiga de Galicia mantendo inalterable o seu espírito de cine de barrio.

Nestas catro décadas, milleiros de vigueses teñen acudido a este espazo de cultura especializado en cine de autor e independente para ver unha coidada selección das



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/05/2025 10:06

Páxina 16 de 20

4877-1101

CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

mellores películas, fundamentalmente en versión orixinal subtitulada. Máis tamén conta cunha ampla programación de ciclos especializados, por exemplo de cine xaponés, reposición de clásicos, matines, ou proxección de óperas e ballet en pantalla grande.

Destaca tamén a súa aposta polo cinema rodado en Galicia e en galego co que se ten convertido nun punto de referencia para o sector audiovisual do noso país. Un apoio como exhibidor destacado e comprometido co noso cine que lie valeu o recoñecemento da Academia Galega do Audiovisual ao concederlle o premio especial de honra na gala dos Mestre Mateo no ano 2018.

Un cine de barrio, herdeiro dunha longa tradición na nosa cidade, como xa, por desgraza, quedan poucos en Galicia e España e que representa a loita pola supervivencia pero tamén o orgullo de apostar pola cultura en maiúsculas. Os Multicines Norte levan 43 anos contribuíndo a facer cidade e a encher de entrañables recordos e lembranzas aos vigueses que por alí pasaron.

Por todo o exposto e nun momento, ademais, en que a nosa cidade estase a converter en escenario privilexiado para a rodaxe de longametraxes que proxectan a nosa imaxe no mundo cómpre que a cidade de Vigo e os vigueses coiden, apoiem e recoñezan aos Multicines Norte pola seu labor coa entrega do galardón Vigués Distinguido.

- IN MEMORIAM

13.- IVÁN MARTÍNEZ SANTIAGO- BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO- A TÍTULO PÓSTUMO

Iván Martínez incorporouse como voluntario ao Banco de Alimentos no ano 2013 e, deseguido, comezou a desenvolver labores administrativos na entidade. A súa implicación foi máxima desde o primeiro momento, converténdose nunha das caras máis visibles das grandes recollidas, que el coordinou. Foi vicepresidente do Banco e no ano 2021 sucedeu a Pedro Pereira como presidente, cargo que ocupou ata o seu falecemento en outubro de 2024 .

A súa obsesión foi sempre a de poñer no centro da actividade un único obxectivo: axudar máis e mellor ás persoas máis vulnerables, un labor polo que Iván Martínez sempre será recordado na cidade.

14.- MARTA PATRICIA SOUTO GONZÁLEZ- A TÍTULO PÓSTUMO

Marta Souto González, tristemente falecida o pasado 18 de outubro de 2024, destacou polo seu compromiso en favor da lingua galega e da promoción do deporte.

Licenciada de filoloxía galego-portuguesa pola USC, no Concello de Vigo desempeñou como responsable do Servizo de Normalización Lingüística, desenvolvendo un enorme labor en favor do galego e da súa plena normalización de usos e impulsando un grande número de accións e iniciativas en prol da nosa lingua, promovendo o seu uso social, apostando pola mellora da calidade lingüística no ámbito administrativo ou pulando pola recuperación da nosa toponimia tradicional.

A súa ligazón co deporte foi permanente, como afervorada seareira celeste, exercendo de adestradora de fútbol sala, practicando baloncesto, ciclismo, montañismo ou vela, e cunha estreita relación con diferentes clubs e entidades, entre as que destacan o RC Celta de Vigo, o Celta de Baloncesto, o Pilotes Posada, o Vigo Stick ou o Balonmán Cangas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 17 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Foi delegada provincial da Consellaría de Cultura e Deportes e posteriormente, en 2007, asumiu a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, converténdose na primeira muller en liderar institucionalmente o deporte galego. Neste ámbito salientou o impulso decidido en favor das seleccións deportivas galegas, a promoción do deporte feminino e o apoio aos clubs de base.

15.- SERGIO SANLÉS DOMINGUEZ - A TÍTULO PÓSTUMO

Desde o ano 2002 Sergio Sanlés Domínguez desempeñou como parte do servizo de bombeiros da cidade de Vigo, após facer parte do cadro de persoal da Policía Local desde 1999.

Pai de dúas crianzas, o pasado 25 de maio de 2024 falecía aos 48 anos de idade en acto de servizo, mentres participaba nun operativo asegurando unha parcela na que se producira a derruba parcial dunha edificación na avenida de Beiramar. Un feito trágico sen precedentes en 130 anos de historia do servizo de bombeiros de Vigo.

A súa traxedia lémbra-nos o perigo constante ao que se enfrontan os nosos bombeiros e a importancia do seu traballo para a nosa cidade. O que fai necesario honrarmos a súa memoria e expresamos a nosa máis sincera gratitude polo seu sacrificio, procurando que o seu legado perdure como un recordo do valor e a abnegación daqueles que dedican as súas vidas a protexer as das demais. Para que o seu exemplo nos motive a seguir traballando xuntas e xuntos no camiño de construírmos unha cidade e unha sociedade máis seguras e solidarias.

A súa comprometida e xenerosa vocación de servizo público que definiu toda a súa traxectoria xunto as súas grandes cualidades humanas, que o fixeron gozar do respecto e agarimo dos seus compañeiros e compañeiras, fano merecedor da distinción de Vigués Distinguido a título póstumo en recoñecemento da labor imprescindible que en favor da seguridade de todas e todos exercen os servizos de emerxencia e, singularmente, os bombeiros da cidade que demostran decote o verdadeiro significado da xenerosidade en prol do ben común.

SEGUNDO.- “Notificar o presente acordo ás/ós galardoadas e galardoados e publicar o mesmo na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos nos artigos 5.1 e 6.1. da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno”.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Medalla da Cidade e Viguéses Distinguidos 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Jueves, 20 de Marzo de 2025 09:08:32
Fecha Fin : Jueves, 20 de Marzo de 2025 09:29:30
Duración : 00:20:58

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3549

- Media (MASTER)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 18 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 281 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/RAQTc0geXZq0S9rCHJesetgwnhAMYSIYUUDqT4TNjuef7uG6.wmv>
SHA512 - 369ca505bf5d98ada6fc610d3e6688b45a0e97b1a88d51ef10e6f0401f64fcf7282ec17008db638b2d7ced7182b95b10e95bfd49869d3e8b570cd613872ed9ca

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 116 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/ELIyE7zxSBrSpjyEG0Iuns2xtGdFfmR6fAS34HVSLTXwtJlW.mp4>
SHA512 - 6880bbbef5c4b1ecadf9f95403a094f2e78507ea74f21be0d747e3e74963623735ed3a226065cf88455d01712fa4a96d05f9a16ea0ecf89c8636422dd176fecb

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretaria; López Font, Carlos; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias,Xabier.

00:01:39 - Caballero Álvarez, Abel

00:02:09 : Puntos 1 y 2: Concesión Medalla da Cidade. Expte.20550/101. Expte. Pleno 4862/1101 e Nomeamento de Vigueses Didtinguidos. Expte. 20549/101. Expte. Pleno 4863/1101

00:02:33 - López Font, Carlos

00:07:30 - Caballero Álvarez, Abel

00:07:38 - Pérez Iglesias, Xabier

00:11:44 - Caballero Álvarez, Abel

00:11:48 - Martín Peña, José Miguel

00:16:25 - Caballero Álvarez, Abel

00:16:30 - López Font, Carlos

00:19:37 - Caballero Álvarez, Abel

00:19:50 - Votación [9:28:22]

00:20:17 - Votación [9:28:50]

00:20:58 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e trinta minutos (09:30)redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 19 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acta, identificada co nº 6/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
Abel Caballero Álvarez

A SECRETARIA XERAL ACCTAL. DO PLENO
Pilar Saborido Díaz (Resolución do 14.03.25)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:06	Páxina 20 de 20
4877-1101	CSV: A6A7EH-8935EC-5186CF-X1EH6V-MJ6X4D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		